

<b>Comunidade Autónoma / Departamento / Estado</b>	GALICIA
<b>Municipio</b>	VILANOVA DE AROUSA
<b>Edificio</b>	Igrexa de Santa María de Caleiro
<b>Dirección</b>	Lugar de Caleiro, s/n. 36629
	42.561803 -8.813509
<b>Protección</b>	
<b>Descricion</b>	<p>Edificación relixiosa do século XII de estilo románico, con planta e cruz latina e cuberta a tres augas. Presenta capelas laterais adosadas e torre campanario en posición lateral.</p> <p>Do seu estilo románico só se conserva a ábsida semicircular (que destaca pola súa colección de canzorros de influencias visigóticas), e restos dos muros da nave que foi transformada coa adición da Capela do Cristo dos Crespo no muro setentrional no ano 1588, e coa construción da capela do Carme.</p> <p>De época románica tamén é a porta da fachada occidental, con arquivolta en boquetón de medio punto apoiados en pedras graníticas impostadas no muro, con figuración humana y floral moi erosionada e de difícil lectura.</p> <p>O interior presenta bóveda de canón de dous tramos.</p> <p>A Capela do Cristo dos Crespo, adosada ao corpo principal, foi creada por Pedro Otero. Presenta planta rectangular e bóveda de crucería con lacería, e arco triunfal con medallóns ao estilo do Renacemento compostelán de Gil de Hontañón e Jácome García.</p> <p>Nos esquinais podemos ver as imaxes de San Agustín, San Ambrosio, San Gregorio Magno e San Xerónimo.</p> <p>Dúas fornelas acollen as representacións de Pedro de Otero e a de Cristo crucificado. No chan se conserva a lauda de Pedro de Otero, coa representación das cinco chagas de Cristo.</p> <p>A Capela do Carme, do ano 1906, de construción sinxela e cuberta con bóveda de aresta enlucida.</p>
<b>Campás</b>	2 campás.
<b>Fotos</b>	3
<b>Toques actuais de campás</b>	
<b>Conservación, mantemento</b>	
<b>Propostas</b>	
<b>Autors da documentación</b>	TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA
<b>Data</b>	10-05-2024

## Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Torre-campanario	<u>Menor.</u>	<u>OCAMPO, MELCHOR;</u> <u>OCAMPO JOSÉ</u>	1898	80	296
Torre-campanario	<u>Maior.</u>	<u>OCAMPO, MELCHOR;</u> <u>OCAMPO JOSÉ</u>	1898	94	481

Información completa: [Igrexa de Santa María de Caleiro - VILANOVA DE AROUSA \(GALICIA\)](#)

PDF (27-06-2026)